PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 24/09/2024 13:29:38
Nº Rexistro: 2970
Data envio: 24/09/2024 13:29:38.383

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 17 setembro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

PUNTO 2.º- COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2 Asuntos económicos e contratación

3.2.1 Prórroga do contrato administrativo para a prestación do servizo de interpretación da lingua de signos (SRI-PA-07/2022).

Examínase a proposta da xefatura do Servizo de Persoal e Réxime Interior na que se indica:

I. A entidade Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (G15068091) presentou escrito o 26 de agosto de 2024 no Rexistro Xeral do Parlamento (núm. 9804) solicitando a prórroga do contrato.

II. A posibilidade da prórroga preveuse expresamente no prego de cláusulas administrativa desta contratación e tívose no seu momento en conta para a determinación do seu valor estimado e, polo tanto, para a elección do procedemento de adxudicación.

A teor da cláusula terceira e apartados catro e cinco do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas, a duración do contrato estenderase durante dous anos desde o día seguinte á súa formalización, podendo ser obxecto de prórroga polo tempo que acorde a Mesa do Parlamento ata un máximo de dous anos máis.

III. O contrato foi adxudicado mediante Resolución da presidencia do Parlamento de Galicia de 9 de setembro de 2022, e formalizado o 3 de outubro de 2022, entrando en vigor, polo tanto, a partir do 4 de outubro de 2022; en consecuencia, a súa inicial duración de dous anos remata o 3 de outubro de 2024.

IV. Tratase dun servizo no que o prezo do contrato adxudicouse nun máximo total de cento vinte e un mil euros (121.000,00 €) IVE engadido, determinado polo número de sesións plenarias, ou outros actos, que se celebren a requirimento do Parlamento de Galicia, sen que en ningún caso poida superar o máximo establecido.

Servizo de Persoal e Réxime Interior
Intervención e Asuntos Económicos.

CSV: REXISTRO-BdzsWlcZs-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

En consecuencia, co límite deste orzamento máximo (121.000,00 €), abonaranse á adxudicataria os servizos realmente prestados en base aos prezos ofertados na súa proposición, que son os seguintes:

Os prezos unitarios por cada tipo de sesión son os seguintes:

-Sesión plenaria ou acto de dous días de duración ..... 2.335,65 €

-Sesión plenaria ou acto de día e medio de duración..... 1.672,09 €

-Sesión plenaria ou acto dun día de duración ..... 1.017,92 €

-Sesión plenaria ou acto de medio día de duración ..... 535,75 €

Segundo o apartado catro do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas, o prezo non pode ser obxecto de revisión, polo tanto no caso de prórroga, os prezos unitarios seguirán sendo os mesmos.

V.- Segundo manifesta o informe do Servizo de Persoal e Réxime Interior, con data de 4 de setembro de 2024, ata agora a entidade ven prestando o servizo con normalidade e as necesidades e razóns de interese público que motivaron esta contratación, que xa se xustificaron no inicio do procedemento, permanecen vixentes polo que, dende dito Servizo, se emite informe favorable á súa prórroga.

VI. Constan no expediente certificados, nesta data, de estar ao corrente de débedas tributarias coa Axencia Estatal e coa Axencia Tributaria de Galicia, e de débedas coa Seguridade Social.

Dado que a prestación obxecto do contrato se está realizando con normalidade e seguen vixentes as necesidades que se pretendían cubrir co contrato, e polo tanto, as razóns de interese público que xustificaron o inicio deste expediente de contratación, o Servizo de Persoal e Réxime Interior propón autorizar a prórroga do contrato.

Visto o informe favorable emitido pola letrada respecto da prórroga, e fiscalizado asemade o expediente pola Intervención da Cámara que xunta a retención de crédito para os meses que restan do exercicio actual, a Mesa adopta do seguinte ACORDO:

1º) Prorrogar o contrato para a prestación do servizo de interpretación da lingua de signos ata o 3 de outubro de 2025, inclusive.

2º) Notificarlle este acordo á empresa.

Servizo de Persoal e Réxime Interior
Intervención e Asuntos Económicos.

CSV: REXISTRO-BdzsWlcZs-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 24/09/2024 13:29:38
Nº Rexistro: 2970
Data envio: 24/09/2024 13:29:38.383

PARLAMENTO DE GALICIA

3º) Comunicarlle este acordo ao servizo de Persoal e Réxime Interior e á Intervención e Asuntos Económicos.

4º) Publicar o acordo no perfil do contratante do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2024

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado Oficial Maior

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior, email=xsarmiento@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2024.09.24 13:28:38 +02'00'

Servizo de Persoal e Réxime Interior
Intervención e Asuntos Económicos.

CSV: REXISTRO-BdzsWlcZs-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 24/09/2024 13:29:38
Nº Rexistro: 2970
Data envio: 24/09/2024 13:29:38.383

Asinado dixitalmente por:

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior na data 24/09/2024 13:28:38

CSV: REXISTRO-BdzsWlcZs-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/